



RESOLUCIÓN DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR), DO 10 DE MARZO DO 2021, POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A COBERTURA DUN POSTO VACANTE NO CADRO DE PERSOAL DE TITULADO/A SUPERIOR EN QUÍMICA (GRUPO I, CATEGORÍA 3).

No uso das facultades conferidas no artigo 8.2 da Lei 3/2004, de 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), e de conformidade co disposto no artigo 13.2 da dita Lei, esta Dirección acorda convocar proceso selectivo para a contratación temporal, para cubrir un posto de nova creación de Titulado/a Superior en Química (Grupo I, Categoría 3) código 410054 no Cadro de Persoal do INTECMAR, e asignado á Unidade de Biotoxinas, con suxeición ás seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA

PRIMEIRA.- Normas xerais

1.1.- Obxecto: Convócase proceso selectivo para a contratación dun/ha (1) Titulado/a Superior para o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (en adiante INTECMAR) para a cobertura temporal dunha praza vacante existente no cadro de persoal do Instituto coa modalidade contractual de persoal laboral temporal, e as seguintes características:

Número de prazas:	1
Denominación da praza:	Titulado Superior en Química
Código:	410054
Grupo:	I
Categoría:	3
Titulación requirida:	Grao ou equivalente en Ciencias Químicas

As condicións laborais do posto rexeranse polo establecido no V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, por ser o de aplicación segundo a Disposición transitoria quinta da Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do INTECMAR.

A xornada laboral será completa de luns a venres, prestada en quendas de mañá e tarde.

O contrato estará vixente dende a súa formalización ata a cobertura definitiva do posto.

1.2.- Funcións do posto: Baixo a supervisión da xefatura da Unidade de Biotoxinas Mariñas coa que deberá colaborar e cooperar, corresponderanlle as seguintes funcións:

- Colaboración no desenvolvemento e validación de novos métodos de ensaio.
- Avaliación de resultados analíticos.
- Apoio na planificación de ensaios, calibracións e na elaboración de documentación do Sistema de Xestión da Calidade, específica da Unidade (UNE-EN ISO/IEC 17025).
- Posta a punto e manexo de equipamentos.
- Xestionar e participar en proxectos de investigación tanto nacionais como internacionais que sexan de interese para o INTECMAR.





- Todas aquelas funcións e responsabilidades do manual de calidade e procedementos xerais, que lle sexan atribuídas aos titulados superiores.

O desenvolvemento destas funcións require, entre outras capacidades, gran coñecemento das técnicas precisas de análise químico-instrumental (cromatografía de líquidos con detector de espectrometría de masas (LC-MS/MS), cromatografía de líquidos con detector de fluorescencia (HPLC-FLD) ou cromatografía líquida con detector de series de diodos (LC-DAD) para toxinas mariñas), así como capacidade de interpretación dos datos analíticos obtidos e das súas repercusións.

1.3.- O procedemento de selección será o de concurso dos méritos relacionado coas funcións propias do posto e complementado cunha entrevista persoal, para o que se aplicará o baremo que se acompaña como ANEXO II desta convocatoria.

1.4.- O INTECMAR asinará coa persoa seleccionada o correspondente contrato de traballo temporal segundo as prescricións establecidas no texto refundido do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro (BOE do 24 de outubro), e demais lexislación vixente que resulte de aplicación.

1.5.- A persoa contratada estará sometida ao réxime xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e disposicións complementarias.

1.6.- Ao abeiro do disposto na normativa de referencia en materia laboral, publicarase anuncio indicativo do dito proceso selectivo no Diario Oficial de Galicia. O resto dos actos derivados deste proceso selectivo faranse públicos nos taboleiros de anuncios do INTECMAR e no seguinte enderezo da súa páxina Web: <http://www.intecmar.gal/transparencia/Convocatorias/Default.aspx>.

SEGUNDA.- Requisitos dos/as aspirantes

Para ser admitidos/as no proceso de selección, os/as aspirantes deberán posuír na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da formalización do contrato de traballo, os seguintes requisitos:

2.1.- Ter nacionalidade española, ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de idade dependentes. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.

2.2.- Capacidade legal: ter cumpridos os dezaseis anos.

2.3.- Acreditación de coñecemento do idioma galego: Acreditación de estar en posesión do Celga 4, título de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No suposto de que





o/a aspirante non poida acreditarlo documentalmete, deberá superar unha proba de nivel de carácter eliminatorio. Esta proba regúlase no ANEXO III destas bases.

2.4.- Compatibilidade funcional: posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

2.5.- Habilitación: non estar inhabilitado/a para o desempeño de funcións públicas, nin separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das administracións públicas. Os/As aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar que non están sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.

2.6.- Titulación requirida: Grao ou equivalente en Ciencias Químicas.

Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, a titulación académica de Grao ou equivalente en Ciencias Químicas. Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes, como no de toma de posesión ou formalización do contrato.

TERCEIRA.- Presentación de instancias

3.1.- Ademais dos/das posíbeis candidatos/as seleccionados/as polo Servizo Público de Emprego, aquelas persoas que desexaran tomar parte no proceso selectivo, deberán dirixir as súas solicitudes de participación ao INTECMAR, sito no Peirao de Vilaxoán, s/n., en Vilagarcía de Arousa, en horas de oficina de 09:00 a 14:00 (de luns a venres) ou nas oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas neste caso, o/a aspirante deberá notificar o envío da documentación ao INTECMAR mediante correo electrónico ao enderezo intecmar@intecmar.gal.

As solicitudes deberán presentarse segundo o modelo de instancia do ANEXO I, debidamente asinada polo interesado/a, xunto coa copia do DNI e da documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos, así como dos méritos alegados para o cumprimento dos requisitos esixidos e para ser valorados segundo o baremo do ANEXO II desta convocatoria. Os méritos alegados deberán referirse á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3.2.- O prazo de presentación de solicitudes será de **vinte (20) días naturais** e o seu cómputo iníciarase o día seguinte ao da publicación destas bases no Diario Oficial de Galicia e nos taboleiros de anuncios e na Web do INTECMAR.

3.3.- Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o Tribunal de selección remitirá á Dirección do INTECMAR, para a súa exposición no taboleiro de anuncios e na Web do INTECMAR a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, así como as causas da súa exclusión. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de emendas



entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

CUARTA.- Tribunal de selección

4.1.- O tribunal de selección será nomeado pola Dirección do INTECMAR, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, no artigo 11 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

4.2.- As persoas que formen parte do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran nelas circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007, e no acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá serlle comunicada á Dirección Xeral da Función Pública.

A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do tribunal, ás persoas que actúen como persoal asesor dos previstos na base 4.8, unha declaración expresa de non atoparse en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

As persoas aspirantes poderán recusar os integrantes do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4.3.- A autoridade que convoca publicará na páxina web corporativa a resolución correspondente pola que se nomeen os novos integrantes do tribunal, que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

4.4.- A sesión de constitución deberá realizarse no prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir da publicación do nomeamento do tribunal na páxina web corporativa. Na dita sesión, o tribunal adoptará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

4.5.- A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus integrantes, con presenza en todo caso da presidencia e da secretaría deste.

4.6.- O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección, na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e ás Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril do 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010, e ao resto do ordenamento xurídico.





4.7.- Por cada sesión do tribunal redactarase unha acta que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da secretaría e o visto e prace da presidencia.

4.8.- O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, que deberán limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas, e que terán voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderá ao director da entidade.

4.9.- O tribunal adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás dos restantes participantes. Neste sentido estableceranse, para as persoas con discapacidades que o soliciten na forma prevista na base I.3, as adaptacións posibles de tempo e/ou medios que sexan necesarias.

Se durante a realización das probas o tribunal tiver dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polo persoal laboral da categoría a que opta, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente.

4.10.- En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

4.11.- Os acordos adoptados polo tribunal cualificador do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de función pública nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.12.- As comunicacións que formulen as persoas aspirantes ao tribunal dirixiranse á Dirección do INTECMAR no enderezo sinalado no apartado 3.1 destas bases.

QUINTA.- Cualificación dos/das aspirantes

O proceso de selección do concurso, desenvolverase en dúas fases:

5.1.- Primeira fase: Baremo de méritos (máximo 40 puntos).

Unha vez publicada polo tribunal a listaxe definitiva segundo o exposto no apartado 3.3 desta convocatoria, valoraranse polo tribunal os méritos alegados polos/as aspirantes conforme ao baremo establecido no ANEXO II, apartado 1 e 2.

O tribunal fará pública, nos taboleiros de anuncios do INTECMAR, a listaxe coa baremación provisional dos/das aspirantes, con expresión da puntuación obtida nunha orde decrecente de maior a menor puntuación.

Poderanse formular alegacións contra a baremación da listaxe provisional, nun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contado a partir do seguinte ao da súa publicación.

O tribunal cualificador, se é o caso, e solo para os efectos de aclarar posibles dúbidas sobre a documentación achegada, poderá requirir a presenza dos/das aspirantes que considere oportuno.





Transcorrido o prazo de alegacións, á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á baremación definitiva, que será elevada á Dirección do INTECMAR para que dite resolución coas puntuacións definitivas dos/das aspirantes, que será publicada polos mesmos medios que a listaxe provisional.

Esixirase un **mínimo de quince (15) puntos** na fase de baremación para pasar a segunda fase do proceso.

5.2.- Segunda fase: Entrevista persoal.

A segunda fase do proceso selectivo consistirá nunha entrevista persoal para valorar o grado de adecuación dos/as aspirantes.

Para a realización da entrevista disporase dun tempo máximo de dez (10) minutos. A entrevista cualificarase de 0 a 5 puntos.

Nesta fase valoraranse as cuestións relativas á experiencia profesional do candidato, aos seus coñecementos, formación e participación en proxectos relacionados coas biotoxinas mariñas.

O Tribunal de selección remitirá á Dirección do INTECMAR, para a súa exposición no taboleiro de anuncios e na Web do INTECMAR, o lugar e día de realización da mesma. A entrevista valorarase de acordo co expresado no ANEXO II, apartado 3. Os/As convocados/as a esta fase deberán presentarse no lugar indicado co orixinal do DNI, permiso de conducir ou, no seu defecto, pasaporte.

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de baremación de méritos e na fase de entrevista persoal. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

Para asegurar a cobertura de vacantes, de producirse renuncias das persoas seleccionadas, antes ou despois da formalización do correspondente contrato de traballo, o órgano que convoca poderá requirir do órgano de selección unha relación complementaria de persoas aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que, dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deduza que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poderán formalizar o contrato de traballo.

O Tribunal de selección remitirá á Dirección do INTECMAR, para a súa exposición no taboleiro de anuncios e na Web do INTECMAR, a listaxe coa puntuación global provisional dos/das aspirantes, con expresión da puntuación obtida nunha orde decrecente de maior a menor puntuación.

Poderanse formular alegacións contra a puntuación global da listaxe provisional, nun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contado a partir do seguinte ao da súa publicación.

Transcorrido o prazo de alegacións, á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á puntuación global inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á **puntuación global definitiva**, que será elevada á Dirección do INTECMAR para que dite resolución coas puntuacións definitivas dos/das aspirantes, que será publicada polos mesmos medios que a listaxe provisional.





5.3.- En caso de empate, de conformidade co disposto no artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no suposto de infrarepresentación do sexo feminino na oferta de emprego público establecerase que, de existir méritos iguais entre dúas ou máis persoas candidatas, serán admitidas as mulleres, salvo se considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nas persoas candidatas de ambos sexos existen motivos non discriminatorios para preferir o home. Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

De persistir o empate, este resolverase por sorteo.

5.4.- O/A primeiro/a aspirante da listaxe definitiva publicada será o/a candidato/a seleccionado/a para a cobertura da praza obxecto desta convocatoria, e deberá presentar no prazo dos **tres (3) días hábiles** seguintes á data na que se faga pública a listaxe definitiva, a seguinte documentación:

- a) Certificado médico oficial no que se acrediten os extremos sinalados na base 2.4.
- b) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

5.5.- Se o candidato/a seleccionado/a non presentase a documentación no prazo establecido, ou presentase a súa renuncia á contratación (que se fará mediante solicitude expresa no mesmo prazo sinalado no punto anterior), resultará automaticamente seleccionado/a o/a seguinte aspirante segundo a orde de prelación da lista, que deberá presentar, nun novo prazo de tres días dende o remate do anterior, a documentación sinalada no punto 5.4.

5.6.- Logo de seleccionado/a o/a candidato/a e presentada a súa documentación, segundo o establecido nos puntos anteriores e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, procederase á formalización da contratación obxecto desta convocatoria.

SEXTA.- Recursos administrativos

As bases desta convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela, co carácter de definitivos ou de trámite cualificados, poderán ser impugnados no prazo e na forma establecidos nos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vilaxoán,
A directora do Intecmar

M^a Covadonga Salgado Blanco





ANEXO I

SOLICITUDE DE ADMISIÓN Á CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A COBERTURA DUN POSTO DE TITULADO/A SUPERIOR EXISTENTE NO CADRO DE PERSOAL DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR).

Nº DE SOLICITUDE: _____

A cubrir polo INTECMAR

GRUPO: I	CATEGORÍA : 3	TITULACIÓN: GRAO OU EQUIVALENTE EN CIENCIAS QUÍMICAS
DATA DA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA:		CÓDIGO DO POSTO: 41054

DATOS PERSONAIS

PRIMEIRO APELIDO..... SEGUNDO APELIDO.....

NOME.....

NIF..... DATA DE NACEMENTO: ... /... /

ENDEREZO.....

CONCELLO.....

CÓDIGO POSTAL..... PROVINCIA.....

TELÉFONO MÓBIL.....CORREO- e

ACREDITACIÓN DE REQUISITOS REQUIRIDOS:

Nacionalidade

Capacidade legal

Idioma galego: Celga 4

Título de grao ou equivalente en Ciencias Químicas.

MÉRITOS QUE DEBAN CONSTAR DE ACORDO COAS BASES DA CONVOCATORIA:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

A persoa abaixo asinante, solicita ser admitida nas probas selectivas ás que se refire esta instancia, e DECLARA baixo a súa responsabilidade, que son certos os datos consignados nela, que reúne os requisitos obrigatorios sinalados na convocatoria, e que se compromete a probar documentalmente os datos que figuren nesta solicitude.

En, a..... de..... do 2021.

Asdo.:

De acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os seus Datos de Carácter Persoal incorporados neste documento pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA con domicilio social: Peirao de Vilaxoán s/n, 36611 - Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). A finalidade deste ficheiro é a xestión de currículos por posibles incorporacións de persoal. Así mesmo, informámoslle que poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e supresión dos datos, dirixíndose por escrito a INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA á dirección arriba indicada.

DIRECTORA DO INTECMAR

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 o 10/03/2021 13:16
Asinado por: **SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA**
Directora/a do INTECMAR
CVE: f6798d7f-dddb-44ea-8d94-85b9c62e5f99





ANEXO II

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL

A puntuación máxima da primeira fase será de **40 puntos**, máis **5 puntos** como máximo da segunda fase que consta dunha entrevista persoal.

1ª FASE: BAREMO DE MÉRITOS (máximo 40 puntos)

1. Experiencia Profesional Acreditada (máximo 5 puntos):

- a) Por cada mes de servizos prestados en laboratorios que desenrolen programas de control oficial do medio mariño, na Xunta de Galicia ou noutras administracións públicas, na mesma categoría á que se pretende acceder: 0,15 puntos/mes.
- b) Por cada mes de servizos prestados noutros destinos, da Xunta de Galicia ou doutras administracións públicas, na mesma categoría á que se pretende acceder e referidos aos últimos 5 anos: 0,10 puntos/mes.
- c) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do informe de vida laboral, contratos de traballo, ou acta de toma de posesión de cargos públicos ou funcionario público ou certificado de servizos prestados, de ser o caso.

2. Experiencia Profesional en temas relacionados co emprego das técnicas precisas de análise químico-instrumental (LC-MS/MS, HPLC-FLD ou LC-DAD) ou en laboratorios acreditados na norma UNE-EN ISO/IEC 17025. (máximo 15 puntos):

- a) Participación en bolsas de formación (máximo 2 puntos):
 - I. Bolsas de formación de persoal investigador: 0,1 puntos/mes.
- b) Participación en proxectos de investigación de convocatorias públicas (autonómicas, nacional ou internacional) relacionados co emprego das técnicas precisas de análise químico-instrumental (LC-MS/MS, HPLC-FLD ou LC-DAD) (máximo 5 puntos):
 - I. Como investigador principal:
 - i. De proxecto ou subproxecto internacional (no caso de proxectos coordinados): 3 puntos/ proxecto.
 - ii. De proxecto ou subproxecto nacional (no caso de proxectos coordinados): 2 puntos/ proxecto.
 - iii. De proxecto ou subproxecto autonómico (no caso de proxectos coordinados): 1 puntos/ proxecto.
 - II. Como participante:
 - i. De proxecto ou subproxecto internacional (no caso de proxectos coordinados): 2 puntos/ proxecto.
 - ii. De proxecto ou subproxecto nacional (no caso de proxectos coordinados): 1 puntos/ proxecto.
 - iii. De proxecto ou subproxecto autonómico (no caso de proxectos coordinados): 0,5 punto/ proxecto.





- c) Publicacións e comunicacións en temas relacionados coas biotoxinas mariñas (máximo 8 puntos):
- I. Artigos publicados en revistas de impacto: 1 punto/artigo.
 - II. Artigos publicados noutras revistas, libros ou capítulos de libros: 0,5 puntos/artigo, libro ou capítulo.
 - III. Comunicacións orais en congresos: 0,2 puntos/comunicación.
 - IV. Paneis en congresos, publicacións divulgativas e informes relevantes: 0,1 puntos/panel, publicación ou informe.

3. Formación e outros méritos (máximo 15 puntos):

a) Por cada curso **directamente relacionado coas funcións propias da praza que se opta segundo a relación da base Primeira, apartado 1.2**, organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Servizo Público de Emprego Estatal, Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo ou cursos de formación continua do AFCAP (**máximo 5 puntos**):

- Cursos de ata 25 horas: 0,1 puntos.
- Cursos de máis de 25 horas e menos de 75 horas: 0,2 puntos.
- Cursos de 75 horas ou máis: 0,3 puntos.

b) **Doutoramento** en temas relacionados co emprego das técnicas precisas de análise químico-instrumental (LC-MS/MS, HPLC-FLD ou LC-DAD) (**máximo 5 puntos**):

- Apto: 3 puntos.
- Apto "*cum laude*": 5 puntos.

c) **Máster ou cursos de especialización, que non sexan cursos de doutoramento, realizados en temas relacionados** co emprego das técnicas precisas de análise químico-instrumental (LC-MS/MS, HPLC-FLD ou LC-DAD) ou ca xestión da calidade no laboratorio (Norma UNE-EN ISO/IEC 1725) (**máximo 5 puntos**):

- Entre 10 e 30 horas: 0,4 puntos.
- Entre 31 e 80 horas: 0,7 puntos.
- Mais de 80 horas: 1 punto.

4. Coñecemento acreditado do idioma inglés. Valorarase o coñecemento do idioma inglés en base a que a maior parte da documentación científica e específica que se debe manexar no posto de traballo está nese idioma (máximo 5 puntos). Tómase como referencia ó MCERL (Marco Común Europeo de Referencia para as linguas do Consello de Europa) e o RD 1629/2006 (BOE do 4 de xaneiro de 2007). (Só se valorará, por idioma, o grao superior alegado)

a) Polo nivel básico A2: 1 punto.

Equivalente a:

- Nivel básico, 1º e 2º curso nivel básico. 1º e 2º curso do ciclo elemental da Escola Oficial de Idioma (EOI) das ensinanzas reguladas polos RD 1629/2006, RD 944/2003 e RD 967/1988, respectivamente.
- University of Cambridge ESOL examinations: Key English Test (KET)
- Trinity College London: Integrated Skills in English 0 (ISE 0)
- British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 3.0





b) Polo nivel usuario independente B1 (Umbral): 2 puntos.

Equivalente a:

- Nivel intermedio (B1) e Certificado de nivel intermedio, 3º do ciclo elemental e certificación académica de dito ciclo da Escola Oficial de Idioma (EOI) das ensinanzas reguladas polos RD 1629/2006 e RD 967/1988, respectivamente.
- University of Cambridge ESOL examinations: Preliminary English Test (PET)
- Trinity College London: Integrated Skills in English I (ISE I)
- British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 4.0

c) Polo nivel usuario independente B2 (Avanzado): 3 puntos.

Equivalente a:

- Nivel avanzado (B2). 2º curso do ciclo superior da Escola Oficial de Idioma (EOI) das ensinanzas reguladas polos RD 1629/2006 e RD 967/1988, respectivamente.
- University of Cambridge ESOL examinations: First Certificate in English (FCE)
- Trinity College London: Integrated Skills in English II (ISE II)
- British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 5.5
- Título de Bacharelato Internacional
- Obtención do Título de bacharelato nun país co inglés como lingua de ensino

d) Polo nivel usuario competente C1 (Dominio Operativo Eficaz): 4 puntos

Equivalente a:

- Certificado de nivel avanzado. Certificado de aptitude da Escola Oficial de Idioma (EOI) das ensinanzas reguladas polos RD 1629/2006 e RD 967/1988, respectivamente.
- University of Cambridge ESOL examinations: Certificate in Advanced English (CAE)
- Trinity College London: Integrated Skills in English III (ISE III)
- British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 6.5

e) Polo nivel usuario competente C2 (Mestría): 5 puntos.

Equivalente a:

- University of Cambridge ESOL examinations: Certificate of Proficiency in English (CPE)
- Trinity College London: Integrated Skills in English IV (ISE IV)
- British Council: International English Language Testing System (IELTS): nota mínima 8.0.

2ª FASE: ENTREVISTA PERSOAL (máximo 5 puntos)

Na entrevista valoraranse as cuestións relativas á experiencia profesional do candidato/a, os seus coñecementos nas áreas referidas no apartado 1.2 así como, as súas aptitudes persoais para o bo desempeño do posto.

Infrarrepresentación do sexo feminino: No cadro de persoal vixente á data de inicio desta convocatoria, non existe infrarrepresentación do sexo feminino nos termos establecidos nos artigos 46 e 47 do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na categoría do posto que se convoca.

De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo á outorgada polos méritos alegados segundo a orde establecida neste ANEXO e de persistir o empate resolverase por sorteo ao abeiro do disposto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.





ANEXO III

PROBA DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO

Conforme ao disposto na base segunda da presente convocatoria, o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que algún/ha dos/as candidatos/as non poida acreditarlo mediante o anterior título, deberá superar unha proba de nivel de carácter eliminatorio.

Esta proba consistirá na resolución dun cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respostas alternativas das cales só unha será a correcta, que será o resultado do sorteo entre dous cuestionarios previamente elaborados polo Tribunal de Selección. A efectos da puntuación teranse en conta as seguintes normas:

- Por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta.
- As respostas en branco non puntúan.
- As dobres respostas e as que non estean claras consideraranse incorrectas.

A proba á que se refiren estas base será cualificada como apta ou non apta, sendo necesario obter un mínimo de 20 respostas correctas para obter a cualificación de aptitude. No caso de ser non apta, o/a candidato/a quedará excluído/a.

Ao remate do exercicio, cada aspirante poderá obter copia das respostas do seu cuestionario.

As respostas correctas do cuestionario faranse públicas no lugar de realización da proba, no taboleiro de anuncios do INTECMAR e na páxina web do Instituto, no prazo das vinte e catro horas seguintes á realización da proba.

O Tribunal de Selección concederá un prazo de dous (2) días dende a publicación das respostas correctas do cuestionario para a formulación de reclamacións por parte dos/as aspirantes. Transcorrido o anterior prazo de reclamacións, o Tribunal de Selección publicará ao día seguinte o resultado definitivo, e continuará co proceso selectivo.

